

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2016**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:50 horas do luns día 28 de novembro de 2016 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2016
4. Asignación de bolseiros da Escola
5. Medallas 25 anos da Escola
6. Convocatoria e Orde do día da próxima Xunta de Escola
7. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES	
Carro López	Diego
Casteleiro Maldonado	Manuel
Colominas Ezponda	Ignasi
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Pérez	Xabier
Galán Díaz	Juan José
Martínez Lage	Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
ESTUDANTES	
Dacosta Tapia	Jorge
Pire Pardo	Luis
Rojo López	Gemma
PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
Valcárcel Cortiñas	M ^a Carmen

EXCUSAN:

Baldomir García	Aitor
Martínez Abella	Fernando

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Apróbanse as actas.

2. Informe do Director

Comeza o informe coa novidades respecto a persoal, no sector profesorado, o profesor Luis Ramírez pasou de interino de substitución a Axudante Doutor. Tamén, e a raíz do permiso do profesor Héctor Gómez, que solicitou unha licencia, vaise contratar unha persoa para cubrir esta vacante. Ademais, producíronse dúas xubilacións, César García Cordovilla e Antonio Fernández Garitaonandía. Por último, comunica que no Departamento de métodos Matemáticos e de Representación se levou unha proposta de catedrático emérito, a cal se trae tamén á Comisión Permanente.

No sector de persoal de administración e servizos non houbo cambios. Si que os houbo na concesión da limpeza, que pasou de CLECE a Salgado.

Continúa o informe tratando a solicitude da titulación de Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica, sinalando que desde a Xunta de Galicia non se permitiu. A implantación deste título sería posible tras un acordo das universidades do SUG.

No que respecta ós avances na acreditación EURACE, recorda que nunha Xunta de Escola se solicitara que se solicitara esa acreditación. Sen embargo, non se levou a cabo por dificultades da ANECA, que non pode aplicar a acreditación para máis títulos.

Sigue o informe tratando as prazas de novo ingreso na Escola, no Grao de Enxeñaría de Obras Públicas: 30 estudantes (27 novo ingreso, 3 incorporacións), no Grao de Tecnoloxía da Enxeñaría Civil: 51 (42 novo ingreso, 9 incorporacións), no Mestrado de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos: 34 estudantes de novo ingreso, pero aínda non está pechada a matrícula, por último, no Master in Water Engineering: 10 estudantes, 9 da universidade alemá e 1 español.

A seguinte cuestión é o remate das obras no CITEEC, sinala que a UDC ten pendente un acto de presentación do novo edificio. Sen embargo, foise retrasando, e aínda non hai data de presentación.

No que respecta á reestructuración de departamentos, o Director indica que xa é coñecido como foi o procedemento e mostrouse o desacordo coa reitoría pola solución elixida. Coa configuración actual, os profesores que dan docencia na Escola proceden de 7 departamentos diferentes. Na nova organización serán 8 ou 9 departamentos, facendo de este xeito máis complexa a organización docente.

En decembro haberá o acto de entrega de diplomas, sendo en total 192 egresados de todas as titulacións da Escola. Tamén haberá os diferentes premios que se conceden na Escola. Sinala que hai un novo premio chamado Premio Aula Compañía de Tranvías para temáticas relacionadas coa mobilidade sustentable. Sumarase aos premios xa existentes: Puentes, Ovisa e da Fundación da Enxeñaría Civil de Galicia.

Estamos no 25 aniversario da Escola, razón pola que se está a preparar unha web para facer un anuario de ex-alumnos que xa está dispoñible para a súa cumplimentación.

Durante o ano 2017 haberá dous congresos con sede na Escola, en xuño o congreso de ACHE e despois en Outubro, as xornadas da Enxeñaría da Auga.

O estudante Jorge Dacosta intervéen indicando que lle gustou a iniciativa do anuario. Consulta tamén sobre os números de egresados de cada titulación, o Director detalla os datos: GEOP 40, GTEC 53, GEOP -curso ponte 1, MECCP 10, MEA 17, ECCP 57, ETOP 13. Consulta cantos quedan da antiga titulación de Enxeñaría de Obras Públicas, resposta que uns 30 de ETOP e uns 150 de antiga camiños. Consulta tamén sobre o suplemento europeo ó título, explícase que a universidade solicitou datos pero non hai máis avances.

3. Execución do presuposto de 2016

Executouse todo o importe presupostado e indica as partidas en que se investiron os fondos. Non é propiamente o peche de exercicio, xa que están pendentes de pago 2/3 das facturas, isto é debido ó retraso dos pagos desde a UDC.

4. Asignación de bolseiros da Escola

O profesor Luis Pena toma a palabra, indica que hai 3 bolseiros seleccionados pola UDC. Desde dirección asígnanse aos laboratorios, indica que os reparte entre os laboratorios de maneira equitativa. Le a distribución e propón que se ratifique esta proposta:

<i>Apelidos, nome</i>	<i>1º Cuadrimestre</i>	<i>2º Cuadrimestre</i>
<i>Laño Rebolledo, Emilio</i>	Construción	Portos e Costas
<i>Martínez Nieto, Jorge</i>	Cálculo Num.	Estruturas
<i>Figueiras Rodríguez, Iago</i>	Hidráulica	Topografía

Apróbase

5. Medallas 25 anos da Escola

Neste ano a escola cumpre 25 anos de actividade, e para celebrar este aniversario pensouse nunha iniciativa de concesión dunha serie de medallas para persoas que colaboraron na implantación e desenvolvemento da actividade na Escola. A Comisión Permanente debería preparar unha lista de candidatos. Planearíase facer un acto en primavera para a entrega destas medallas. Establecese un debate sobre a proposta. Despois do Nadal comezaríase a preparar unha proposta.

Apróbase a proposta

6. Convocatoria e Orde do día da próxima Xunta de Escola

Presentase a Convocatoria e orde do día da próxima Xunta de Escola, luns 12 de decembro ás 12:45. Intervén neste punto o profesor Manuel Casteleiro indicando que desde a Escola sería interesante que se dixera algo sobre os novos criterios da ANECA sobre o proceso de acreditación. Propón que se leve como punto na orde do día, deste xeito incluíríase un pronunciamiento sobre a acreditación de profesorado.

Aceptase esta proposta do Profesor Manuel Casteleiro e por tanto esta sería a orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior
- 2) Informe do Director
- 3) Premios Extraordinarios Fin de Carreira
- 4) Proposta de nomeamento de catedrático emérito
- 5) Medallas 25 anos da Escola
- 6) Quinquenios docentes de profesores da Escola
- 7) Criterios de avaliación do programa ACADEMIA de acreditación nacional de profesores
- 8) Quenda aberta de palabra

Apróbase

7. Quenda aberta de palabra

Intervén o estudante Jorge Dacosta, indicando que houbo unha asemblea de estudantes na que a xente indicaba que lle gusaría especializarse no Máster, preferirían facer un mestrado especializante. Sinala que a día de hoxe pódese estudar un máster sen competencias, fóra de España é o que se fai.

Intervén a estudante Gemma Rojo explicando que as eleccións que xa están convocadas, e co calendario vixente, implican que a presentación de estudantes candidatos será en xaneiro, en plena época de exames. De este xeito, non haberá apenas estudantes que se presenten.

Establecese un debate sobre estas cuestións.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:50 do 28 de novembro de 2016.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico